

Á DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.

Isabel Vilalba Seivane, maior de idade, con DNI 77594980-H, co mesmos enderezo a efectos de notificacións e comunicacións que a Organización á que representa, en nome e representación do SINDICATO LABREGO GALEGO - COMISIÓNS LABREGAS (con enderezo en R/Ofelia Nieto, 13-23, 15705, Santiago de Compostela, CIF G-27023951), por ser Secretaria Xeral do mesmo e a súa representante legal, comparezo para **MANIFESTAR:**

- 1)** Que se publicou na páxina de TRANSPARENCIA da Xunta de Galicia Borrador de **PROXECTO DE DECRETO DO OBSERVATORIO DO SECTOR LÁCTEO DE GALICIA.**
- 2)** Que o prazo para remitir suxestións remata o día 7-4-2022.
- 3)** Que por medio do presente escrito pasan a formularse as seguintes

CONSIDERACIÓNS PREVIAS:

Primera e única.-

En canto á lexitimidade da Organización que presenta este texto, dicir que goza da condición de estar entre as "máis representativas" de acordo co establecido na Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario de Galicia. Condición reforzada coa súa presenza - avalando a súa representación ante as administracións públicas - en numerosos órganos de consulta e diálogo entre a Administración e as organizacións da sociedade civil, como o CES-Galicia, o Consello Galego de Estatística, o Consello Galego de Medio Ambiente, o Consello Forestal de Galicia, o Consello Reitor de "Augas de Galicia", por citar só algúns.

O artigo 2 dos seus estatutos indica como fins propios, entre outros; "Lograr o desenvolvemento profesional, cultural e económico dos agricultores galegos en xeral e dos seus asociados en particular".

- 4)** Que en relación co Borrador do Decreto, pasamos a facer as seguintes

SUXESTIÓNS:

Primeira.-

Onde se di que “o sector lácteo é o alicerce máis importante do agro galego”, consideramos que sendo este sector un dos fundamentais en moitos aspectos do agro galego, non podemos categorizalo como máis importante do agro galego, relegando outros sectores tan importantes a segundas ou terceiras posicións.

Por este motivo propoñemos que se revise a redacción para darlle a importancia que ten sen desmerecer outros sectores, tan importantes coma este en moitos aspectos.

Segunda.-

No quinto parágrafo da primeira páxina, dise “ , co obxectivo de dotar de maior flexibilidade ao observatorio, tamén se reduce o número de xuntanzas ordinarias obrigatorias a unha ao ano.”

Suxerimos que a frecuencia mínima das xuntanzas ordinarias sexa trimestral. Se fora doutro xeito, a suposta flexibilización convertería a este observatorio nunha ferramenta inútil e afastada da realidade do sector.

Terceira .-

No **artigo 3,a)** dise “.... como poden ser os prezos percibidos polas persoas produtoras, a xestión económica das explotacións ou a oferta e demanda dos produtos lácteos no mercado”.

Para darlle máis carácter imperativo, suxerimos “como **serán** os prezos percibidos polas persoas produtoras, a xestión económica das explotacións ou a oferta e demanda dos produtos lácteos no mercado, entre outros”.

Cuarta.-

No **artigo 3,b)** suxerimos engadir “o Observatorio será a ferramenta que elabore e faga públicos os informes periódicos de índices de custos de produción.

Quinta .-

No **artigo 3, e)**, suxerimos que a función de asesoramento debe incluír expresamente a facultade de asesoramento a iniciativa de parte.

Sexta.-

No **artigo 4**, primeiro parágrafo, propoñemos dotar de carácter imperativo (máis alá do desiderativo) da paridade.

Tamén propoñemos revisar o número de vogalías para equilibrar o peso dos sector produtor fronte a outros membros da cadea presentes.

Sétima .-

No artigo 4, segundo parágrafo, propoñemos que se engada “persoas participantes con acreditada experiencia e prestixio no sector”.

Oitava.-

No artigo 7.1,b) dise que ostentan vogalías “As dúas organizacións profesionais agrarias con maior representatividade de Galicia, que contarán cunha vogalía cada unha delas”

Suxerimos “ **As organizacións profesionais agrarias con maior representatividade de Galicia, e con presenza no Consello Agrario Galego, que contarán con tantas vogalías coma os representantes da industria neste observatorio**”

Novena.-

No artigo **7.1,c)** dise que ostentan vogalías **“A asociación con maior representatividade no conxunto do sector primario galego e a asociación con maior representatividade no sector lácteo galego, que contarán cunha vogalía cada unha delas”.**

Referencia que consideramos bastante difícil de definir, na medida en que cabe preguntarse como se acredita a REPRESENTATIVIDADE no conxunto do SECTOR PRIMARIO (termo moi amplo), cal é o motivo de incluír no observatorio lácteo ao conxunto do sector primario. E medir a representatividade no sector lácteo tampouco é algo fácil de discernir. Por outra banda, a que tipo de ASOCIACIÓNS se fai referencia ou en que tipo de entidades se está pensando.

Propoñemos a súa **supresión.**

Décima.-

Entendemos que non é procedente darlle máis representatividade á “Federación Nacional de Industrias Lácteas” (**artigo 7.1,d)** que ás OPA-s (**artigo 7.1,b)**. Cando menos debería contemplarse para as OPA-S tres vogalías a repartir entre as Organizacións máis representativas (cuxo número pode oscilar en función da representatividade de cada momento).

Debemos ter en conta tamén que non tódalas industrias se senten representadas ou obrigadas cos acordos da Fenil, polo que se debería garantir dalgunha maneira a participación destas directamente no observatorio. Dita representatividade podería

medirse segundo a súa cota de mercado dotando así de tantos representantes para a industria como para o sector produtor.

Undécima.-

No artigo **7.1,h)** dise que ostentan vogalías “ As dúas cooperativas agrarias galegas con maior número de socios...”

Non se especifica que estas cooperativas teñan que pertencer ao sector lácteo, cuestión que si se debería ter en conta.

Así mesmo cada cooperativa represéntase a si mesma e non está entre os seus estatutos, cometidos ou finalidade, representar ao conxunto do mundo cooperativo. Limitándose aos actuais ou futuros socios no mellor dos casos.

Sería máis acaída unha representación do conxunto das cooperativas e que dita representación sexa designada por todas elas no canto de posicións fixas.

Duodécima.-

No artigo **7.1,i)** dise que ostenta vogalía “ A Federación Frisona Galega”

Suxerimos a supresión deste apartado. Non vemos necesaria e non consideramos que se deba outorgar esta representatividade a unha entidade deste tipo. De igual maneira que se descartan outras entidades de semellantes características.

Décimo terceira.-

No artigo 10,2 suxerimos que o pleno poida ser convocado pola solicitude de cando menos un terzo dos seus membros.

Décimo cuarta.-

Na disposición adicional primeira no seu punto 2 suxerimos que o prazo máximo para convocar a primeira xuntanza sexa dun mes dende a entrada en vigor do presente proxecto de decreto.

Décimo quinta.-

Conforme ao xa expresado na novena suxestión deste escrito, propoñemos a supresión desta **Disposición adicional segunda**.

Non ten sentido outorgarlle representatividade neste observatorio do sector lácteo á asociación do conxunto do sector primario galego con maior representatividade nos consellos reguladores. Non se especifica que estes consellos reguladores teñan que ser sectoriais do leite.

En canto á asociación do sector lácteo con maior número de socios, consideramos

pouco garantista este método de representación: o número de socios depende internamente de cada asociación sen que exista un mecanismo oficial de fiscalización e verificación dos mesmos.

Décimo sexta.-

No artigo **9,2)** obsérvase un erro ortográfico, debendo substituírse “*las*” por “*as*”.

E para que así conste, en Santiago de Compostela, a 4 de Abril de 2022.

Asdo.: Isabel Vilalba Seivane Sinatura e Selo
